



MEMORIA 2022




de cooperación e solidariedade



O FONDO GALEGO

*25 anos de
solidariedade
internacional
desde o local*



O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade cumpriu en 2022 **un cuarto de século canalizando o compromiso das deputacións e concellos** galegos na loita contra a pobreza e as desigualdades a nivel global. Cinco lustros nos que se impulsaron preto de 200 proxectos en máis de 30 países e centos de actividades para sensibilizar á cidadanía galega, co fin último de mellorar a vida das persoas nos lugares máis desfavorecidos.

A asociación municipalista acada estes 25 anos con **estabilidade económica e unha gran solidez institucional**, tal e como demostran os múltiples encontros internacionais que ten organizado ou nos que ten participado como referente no último ano. De feito, as alianzas son un factor chave na traxectoria do Fondo Galego, que consolida o traballo cos seus parceiros tradicionais pero que non vira as costas a novos retos, como a guerra en Ucraína ou o xiro do Goberno central a respecto do pobo saharauí.

Ao mesmo tempo, impúlsanse iniciativas innovadoras como o programa de cooperación técnica, os proxectos europeos ou o a localización da Axenda 2030. Todo isto coidando a transparencia na xestión, fomentando os procesos participativos e avanzando na formación dos cadros políticos e técnicos. Un labor no que xa involucramos a 103 administracións locais e provinciais e co que contribuímos a facer realidade os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible**.

Edita: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Sede do Fondo Galego: FEGAMP. Área Central, Rúa Varsovia, 4C - 6º, 15703 Santiago de Compostela / Tif. +34 981 555 999

Oficina Técnica do Fondo Galego: Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, 40 - 36003 Pontevedra / Tif. +34 604 040 890 ~ +34 698 144 536
info@fondogalego.gal

Tiraxe: 400

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A

Deseño gráfico e diagramación: BREO.gal

Fotografías: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Depósito legal: Vg. 276-2014



COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

Proxectos nos países do Sur



O 24 de febreiro de 2022 comezaba a devastadora **invasión de Rusia sobre Ucraína**. Os concellos galegos e a cidadanía en xeral reaccionou a este suceso cunha gran onda de solidariedade desde o primeiro minuto. Neste senso, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade participou o 7 de marzo na xuntanza de coordinación convocada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE no marco desta emerxencia humanitaria e ao día seguinte compartiu online as recomendacións extraídas polas entidades clave do sector.

Do mesmo xeito, o día 15 organizamos un **webinar informativo** destinado a despexar dúbidas ao que asistiron un cento de persoas representantes de diferentes concellos e entidades. Neste encontro virtual co asesoramento de organizacións como Cruz Vermella, Farmamundi e Movemento pola Paz sobre o mellor xeito de apoiar ao pobo ucraíno.

 www.fondogalego.gal > Cooperación



Alén deste episodio que marcaría o decorrer da anualidade, o cambio de postura do Goberno español respecto do pobo saharauí deixaría tamén a súa pegada no eido da cooperación internacional. O Fondo Galego amosou o seu fondo desacordo con este xiro político a través dunha declaración institucional, que foi a base dunha moción aprobada por unha ducia de concellos galegos. Así mesmo, ano 2022 pasará á historia da nosa asociación municipalista como o momento no que se fraguou a **cooperación directa entre o Fondo Galego e a República Árabe Saharaí Democrática (RASD)**.

Por outra parte, realizáronse **dúas misións político-técnicas a terreo**, unha delas aos campamentos de persoas refuxiadas saharauís, no deserto alxerino de Tinduf, co obxecto de sentar as bases da emerxente relación de cooperación, e a segunda a Mozambique, co fin de facer seguimento dos proxectos apoiados nos últimos anos e afianzar as relacións de cooperación no país lusófono. Do mesmo xeito, a gobernadora da Wilaya de Bojador, Azza Brahim, foi recibida por representantes da Mancomunidade do Val Miñor no Concello de Nigrán.



No relativo aos **proxectos apoiados**, resultaron ser un total de seis, e todos ubicados no continente africano: dous en Mozambique, dous en Guinea Bissau e dous nos campamentos de persoas refuxiadas saharauís. Así, o Fondo Galego investiu un total de 139.025,88€ no apoio a accións de cooperación, e concretamente 108.124,78€ nos seis proxectos que foron impulsados.

Xa no mes de decembro, pechamos o exercicio coa apertura da **convocatoria de axudas para proxectos de cooperación internacional de ONGD** con presenza en Galicia, á que as organizacións poderían enviar as súas propostas ata o 31 de xaneiro de 2023.



GUINEA-BISSAU

Apoio á obtención de auga potable na Illa de Pecixe, comunidade de Reno

Parceiro local

Goberno Rexional de Cacheu

Actividades

Construción dun pozo de auga con depósito de 4.000 litros, motobomba con sistema de paneis solares e canalización, así como a preparación do sistema de xestión do pozo, no que participa a comunidade.

Grupo beneficiario

800 persoas

Axuda concedida

11.030,53€



GUINEA-BISSAU

Mellora da calidade do tratamento materno infantil na Rexión de Cacheu

Parceiro local
Goberno Rexional de Cacheu

Actividades

Dotar de material necesario aos sete centros sanitarios da Rexión de Cacheu que tratan a saúde das mulleres e das nenas e nenos, xunto coa instalación de luz eléctrica xerada por paneis solares.

Grupo beneficiario
84.968 persoas

Axuda concedida
30.000€



MOZAMBIQUE

Promoción dos dereitos da infancia nos distritos de Boane e Namaacha (2ª fase)

Parceiro local
Fundação Encontro

Actividades

Funcionamento de 4 escolas infantís, alimentación para o alumnado, elaboración de diagnose de xénero para garantir a educación en igualdade nos catro centros, así como a sensibilización ás comunidades.

Grupo beneficiario
1.042 persoas

Axuda concedida
15.000€

Financiados polo Concello de Cambre





MOZAMBIQUE

Saúde sexual e hixiene menstrual, combate aos casamentos prematuros e entrega de compresas reutilizables para raparigas en situación de vulnerabilidade

Parceiro local

Executado polo Fondo Galego en colaboración coa cooperativa Be Girl Lda

Actividades

Distribución de 200 compresas hixiénicas reutilizables nas provincias de Maputo (Municipio de Boane), Sofala (Municipios de Marromeu e Nhamatanda), Zambézia (Distrito de Mulevala) e Manica (Municipio da Vila de Sussundenga). Cada nena recibiu dúas compresas e xabón para a saúde menstrual. Tamén se realizaron encontros de reflexión sobre os matrimonios prematuros, embarazos precoces, violencia de xénero e divulgación das leis e mecanismos existentes da protección das rapazas.

Grupo beneficiario

200 rapazas

Axuda concedida

2.089,75€



CAMPAMENTOS DE PERSOAS REFUXIADAS SAHARAÚS Proxecto Nadafa (Wilaya de Bojador)

Parceiro local

República Árabe Saharauí Democrática e Media Lúa Vermella Saharauí

Actividades

Construción de recintos para depositar residuos, contratación do persoal de limpeza e coordinación, dotación de vehículos e combustible para a recollida do lixo, dotación de materiais, sensibilización da poboación local para manter limpos os espazos públicos, campaña radiofónica de concienciación ambiental.

Grupo beneficiario

16.500 persoas

Axuda concedida

30.000€, dos que 5.000€ foron financiados pola Mancomunidade do Val Miñor





CAMPAMENTOS DE PERSOAS REFUXIADAS SAHARAUÍS Axuda alimentaria para a poboación saharauí

Parceiro local

**República Árabe Saharaí Democrática
e Media Lúa Vermella Saharaí**

Actividades

Compra e distribución de produtos alimentarios básicos para a poboación saharauí, como arroz, legumes, fariña e azucre.

Grupo beneficiario

16.640 persoas

Axuda concedida

**20.000€, financiados pola
Mancomunidade do Val Miñor**



**ESPECIALISTAS en
COOPERAR**

O 2022 foi tamén o ano do relanzamento da cooperación técnica tras o parón imposto pola pandemia.

O programa **Especialistas en Cooperar** permitiu a persoal municipal colaborar cos municipios e entidades parceiras do Fondo Galego en Mozambique.



As tarefas de Marga Sampedro, traballadora da área de Igualdade do Concello de **Boiro**, e de Ana Piñeiro, arquitecta municipal de **Rianxo**, estiveron vinculadas ao proxecto de construción de catro vivendas resilientes ao cambio climático destinadas a persoas afectadas polos ciclóns, financiado pola Xunta de Galicia e o Fondo Galego no municipio de Boane.



Ademais de propoñer un plan de xeración de ingresos para as mulleres que alí van residir, Marga Sampedro colaborou coa Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos para que incorpore a perspectiva de xénero na acción local. Ambas as dúas traballadoras municipais participaron asemade nunha xornada de formación a persoal dos concellos da provincia de Maputo, amais de visitar varios deles para asesorar en materia de xénero e mais arquitectura e urbanismo.



Raquel Morales, directora do CIM de **Poio**, apoiou á especialista en igualdade da Fundación Encontro na diagnose de xénero nos centros infantís de cinco comunidades rurais de Boane, así coma no deseño e realización de actividades coeducativas. A experta impartiu múltiples obradoiros encamiñados principalmente a previr a violencia contra as mulleres.



Néstor Romero, pola súa banda, realizou a estada que lle quedara pendente en 2019, cando a inestabilidade desaconsellaba viaxar ao municipio de Nhamayábue. O técnico de deportes de **Lousame** colaborou no deseño da programación municipal deportiva, na formación dunha vintena de adestradores de fútbol, na creación dun equipo feminino e na promoción do “fair play”.

SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN

Educación para unha cidadanía global

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade apostou por darlle continuidade a aquelas experiencias que viñan funcionando nos últimos tempos e por diversificar o abano de propostas para os concellos con novas metodoloxías. A repercusión internacional destas actividades veuse impulsada non só pola participación no proxecto europeo People & Planet, senón tamén por sumarnos a iniciativas como a Semana Global de Acción polos ODS. Actuacións presenciais que se viron potenciadas polas publicacións en medios de comunicación e redes sociais.

www.fondogalego.gal > Sensibilización



PEOPLE & PLANET: UN DESTINO COMÚN

O proxecto europeo People & Planet seguiu avanzando no obxectivo de concienciar á xente nova sobre a gravidade do cambio climático para que se converta en axente de transformación cara un mundo máis sostible. Os Consellos Climáticos Xuvenís continuaron traballando na Guarda, As Neves, Oleiros e Teo, mentres que máis de vinte concellos se uniron ao “apagón” convocado polo Día Mundial do Medio Ambiente. Tamén se fixeron públicos os resultados da enquisa realizada, segundo a cal o 85% das mozas e mozos consideran que o cambio climático afecta a súa vida diaria e a súa saúde. Ademais, puxéronse en marcha novas actividades.





Encontro de parceiros

Pontevedra acolleu o 3 e 4 de novembro a primeira xuntanza presencial de People & Planet, á que acudiron entidades dos oito países da UE implicados co fin de avaliar a marcha do proxecto, compartir boas prácticas e favorecer a aprendizaxe mutua. Dous días de intenso debate para involucra á mocidade na loita contra o cambio climático e a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento sostible no eido local, cos exemplos dos concellos de Cabanas, Bilbao, Grândola, Palmela e FELCOS Umbria.



Intercambio en Bruxelas

A estudante Icíá Río, membro do Consello Climático Asesor Xuvenil do Concello de Oleiros, acompañou a persoal técnico do Fondo Galego ao Learning and Development Hub sobre compromiso xuvenil e incidencia política. O obradoiro formativo celebrouse o 29 e 30 de marzo en Bruxelas, organizado polo programa DEAR de Educación para o Desenvolvemento e Sensibilización da Unión Europea, co fin de intercambiar experiencias neste eido.



Debuxo urbano

A Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración ‘O garaxe hermético’, dirixida por Kiko da Silva, encargouse de impartir os obradoiros de “urban sketching” nos municipios da Laracha, Boiro, Burela, Carral, Fene, Laxe, Nigrán, Pontedeume, Ribeira e Santiago de Compostela. A actividade pon en valor distintos espazos naturais que as e os artistas deben representar, achegando a súa visión persoal a través do seu propio estilo pictórico, ao tempo que fomenta novas habilidades para implicarse na procura do ben común dun xeito creativo.



Artivismo en Nicaragua

O muralista nicaraguano Manuel Alaníz ofreceu o 2 de novembro a master class ‘O poder transformador da pintura mural’ na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, onde compartiu a experiencia da Fundación de Apoyo al Arte Creador Infantil (FUNARTE), que emprega a arte para impulsar a participación social da xente nova. Ademais, o educador artístico impartiu un obradoiro no IES Escolas Proval de Nigrán, que deu como resultado orixinais ilustracións que convidan a reflexionar sobre a protección da natureza.



Water of the future

No Día Mundial da Auga lanzouse a campaña europea 'Water of the future' co obxectivo de concienciar sobre a necesidade de protexer este recurso. O anuncio televisivo protagonizado por un camelo que percorre a cidade busca situar na axenda pública a problemática da escaseza de auga a nivel global e as súas graves consecuencias, así como fomentar hábitos sostibles cos que cada persoa e cada comunidade pode contribuir a mitigar esta situación. A iniciativa combina accións en redes sociais con actividades presenciais para lembrarnos que "sen auga, non hai futuro", e centrou ademais a Axenda 2023 do Fondo Galego.



ARREDOR DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN

Ao longo de 2022 puxéronse en marcha as actividades de educación para o desenvolvemento vinculadas aos proxectos de cooperación internacional financiados a ONGD galegas a través da convocatoria de axudas do ano anterior. As propostas buscan achegar a realidade dos países do Sur Global nos que se levan a cabo estes proxectos á veciñanza dos concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, ao tempo que se sensibiliza sobre a capacidade de cadaquén para introducir pequenos cambios que contribúan a mudar a situación global.



El Salvador: Protección ambiental

A activista salvadoreña Laura Herrera percorreu no mes de xuño os municipios de Tomiño, Burela, Cariño, Pontedeume, Cabanas e Nigrán para compartir os resultados da Escola de Lideresas pola Defensa Ambiental que o Fondo Galego apoiou a través da ONGD Agareso. A representante da Colectiva Feminista para o Desenvolvemento Local intercambiou experiencias na xestión e defensa dos recursos naturais con representantes municipais e asociacións, alén atoparse con escolares e mulleres implicadas nas xuntas de augas.



Guatemala: Dereito á educación

A veciñanza de Ames, Barreiros, Fene e Oleiros aprendeu sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, o dereito á educación e a realidade de Guatemala grazas á actividade 'Non pases palabra: a educación en xogo', un concurso que empregaba o clásico rosco das letras nos que os equipos gañaban pezas para completar o mapamundi de Peters. A proposta, dinamizada por Solidariedade Internacional de Galicia, partía do proxecto que permitiu habilitar un módulo educativo para facilitar a formación a distancia da mocidade indíxena.



Nicaragua: Almanaque perpetuo

Un dos resultados do proxecto de acuicultura artesanal realizado canda Amigos da Terra en Nicaragua foi o almanaque 'Mulleres do Mar', elaborado xunto coa asociación Mulleres Salgadas. Trátase dun calendario de peixes e mariscos protagonizado por traballadoras do sector de ambas as dúas beiras do Atlántico, a fin de dar a coñecer as súas realidades pero tamén as especies de cada temporada, co obxectivo de fomentar o consumo responsable. O almanaque presentouse no Concello de Vilagarcía e distribuíuse na Praza da Peixería.



India: Xestión de residuos

Rapazada de Galicia e da India conectou as súas inquedanzas sobre a protección do medio a través das actividades desenvolvidas pola Fundación Vicente Ferrer en torno ao proxecto co que o Fondo Galego financiou a construción de 34 vivendas. No Concello de Bueu reflexionaron sobre o consumo de plástico tras unha recollida de residuos na praia, cos que crearon as súas propias esculturas, e conectaron por videoconferencia con alumnado do país asiático. A Deputación de Pontevedra acolleu a 'Mesa de Experiencias Galicia-India: A xestión de residuos no eido local', á que acudiron estudantes da Escola de Capataces Forestais de Lourizán.



Certame ‘Muros que unen V’

O V Certame de murais arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible ‘Muros que unen’, financiado polo Concello da Coruña, bateu récords ao recibir 44 propostas de 33 artistas. Sandra Lodi, Peri Helio e Alejandro Mosquera gañaron o concurso coas obras ‘No mesmo equipo’, ‘Postindustria’ e ‘A grande aperta’, pois tratábase de promover o crecemento inclusivo, a innovación e a redución das desigualdades. Os deseños plasmáronse no patio do CEIP Sal Lence para convidar a reflexión sobre estas temáticas.



Plans de implementación dos ODS

O Fondo Galego continuou apoiando o proceso de localización da Axenda 2030 en municipios de menos de 20.000 habitantes. Desta volta, foron os concellos da Guarda, As Pontes, Guitiriz, Nigrán, Outes, Verín e Viveiro quen recibiron o asesoramento da consultora ICSEM a fin de elaborar os seus propios plans municipais para a implementación da Axenda 2030, coa correspondente diagnose previa. A actividade financiouse través do convenio anual asinado coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.



3ª edición: Curso online

MARZO/ABRIL 2022

Localizando a AXENDA 2030



O papel clave dos municipios

na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible



Curso 'Localizando a Axenda 2030'

Tras o interese despertado nas dúas primeiras convocatorias, lanzouse a terceira edición do curso online 'Localizando a Axenda 2030: O papel clave dos municipios na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible', que rexistrou trinta solicitudes para as vinte prazas ofertadas. O curso, financiado pola Xunta de Galicia, impartíuse entre os meses de marzo e abril na plataforma de teleformación do Fondo Galego, con profesorado especialista que facilitou tanto a documentación dos catro módulos como as sesións de videoconferencia.



FORTALECIMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL

Fortalecémonos, participamos e compartimos!





25° Aniversario

O ano 2022 estivo marcado polo 25 aniversario do Fondo Galego, que se celebrou o 21 de outubro na Residencia de Tempo Libre de Panxón (Nigrán), lugar no que se xestou esta rede concellos e deputacións. Na conmemoración participaron **preto dun cento de representantes** de concellos galegos e caboverdianos, da administración central e autonómica e de organizacións da sociedade civil, entre outros. Baixo o lema **#oglobalélocal**, celebrouse un gran acto conducido pola actriz Diana Sieira no que se combinaron os discursos e recoñecementos con lembranzas e emocións, alén da música galega e africana.

Os discursos institucionais correron da man do alcalde de Nigrán e presidente do Fondo Galego, Juan González; o director do Instituto Galego de Análise e Cooperación Internacional (IGADI), Daniel G. Palau; o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo; a subdelegada do Goberno en Pontevedra, Maica Larriba e o presidente da Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos, Herménio Fernandes, coa que se cumprían vinte anos de colaboración.

Tras estas intervencións, tivo lugar a entrega de **recoñecementos aos concellos fundadores** e ás entidades que apoiaron a constitución do Fondo Galego, como o IGADI, a propia Xunta ou a Federación Galega de Municipios e Provincias. Tamén subiron ao estrado representantes dos concellos de Allariz, Arteixo, O Carballiño, Corcubión, Culleredo, Fene, O Irixo, Moaña, Nigrán, Porto do Son e Oleiros. Un dos momentos máis emotivos da xornada chegou coas palabras da concelleira de Cooperación deste último

municipio, Marga Figueroa, quen lembrou con agrado ao tamén edil e **presidente do Fondo Galego durante catorce anos, Alfredo Novoa**, finado no mes de febreiro.

Desde a fundación do Fondo Galego pasaron cinco lustros de historia e de esforzos solidarios que brotan da administración local galega. O éxito desta forma de artellar a cooperación municipalista en Galicia vén determinado pola creación dun **espazo compartido que democratiza a participación** de todas as administracións locais galegas en materia de cooperación ao desenvolvemento, dándolle coherencia, continuidade, sustentabilidade, coordinación e proxectando tamén a Galicia no exterior.

Mais o seu grande logro é ter conseguido crear un espazo no municipalismo galego onde non hai lugar a minifundismos políticos, enfocando a participación para sumar, para colaborar, para cooperar, cun obxectivo que é común ás administracións locais que o integran: contribuír á **erradicación da pobreza e das desigualdades** a nivel global.

O evento, que contou coa música galega de Leni Pérez e Roberto Comesaña e mais cos ritmos angolanos de Alberto Mvundi, pechouse cun vídeo no que municipios e organizacións de distintos países enviaban parabéns ao Fondo Galego e coa entrega de agasallos ás persoas asistentes. Entre eles, unhas bonecas elaboradas de xeito artesanal por mulleres mozambicanas e árbores autóctonas cedidas pola Escola de Capataces Forestais de Lourizán (Pontevedra).



Tamén para fomentar os procesos de transparencia e participación, celebráronse a finais de febreiro as xuntanzas provinciais da **Rede Municipalista Solidaria** nos concellos de Poio, Lugo, Carral e San Cibrao das Viñas. Os encontros permitiron avaliar coas administracións locais socias tanto o traballo realizado no exercicio anterior como a planificación para o ano en curso.

Así mesmo, e por iniciativa da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, o Fondo Galego participa nun proceso individualizado e acompañado de **formación en materia de convocatorias da UE** para a obtención de recursos europeos. Esta iniciativa ten por obxectivo identificar convocatorias europeas que poden ser de interese para a asociación, así como a preparación dunha proposta na que o Fondo Galego sexa a entidade líder. Durante o 2022 tivo lugar o proceso de formación e identificación e xa no 2023 formularase o proxecto para presentalo á convocatoria correspondente.

Fortalecemento interno

A visibilización da **transparencia na xestión** é un aspecto de especial importancia neste mandato. Alén dos outros documentos aprobados desde o 2019 que veñen regular a vida interna da asociación, durante o 2022 lanzáronse dous documentos de suma relevancia.

Por unha banda, na asemblea xeral do 7 de abril aprobouse o **Protocolo para a configuración da Comisión Executiva**, documento que regula a súa composición tras os comicios municipais, momento en que o órgano de dirección da asociación debe renovarse. O texto publicouse na páxina web para a consulta de calquera entidade ou persoa interesada.

Por outra parte, na asemblea do 15 de decembro resultaron aprobadas as **Directrices de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento do Fondo Galego**, documento que aglutina non só a misión e visión do Fondo Galego en materia de cooperación internacional, senón tamén o procedemento que debe garantir para primar a calidade e obxectividade no financiamento das propostas de cooperación internacional xestionadas de xeito directo e indirecto.





III Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía

Máis de oitenta representantes da administración local e rexional de Galicia e de distintos países de lingua oficial portuguesa, así como da sociedade civil e do mundo académico e empresarial, participaron do 7 ao 9 de xullo no III Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, organizado polo Fondo Galego e pola Asociación Nacional de Municipios de Cabo Verde na cidade de Mindelo. O tema '**Desenvolvemento local e localización dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, unha visión asentada no proceso de transición dixital dos territorios**' centrou o encontro, financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.



Cómpre destacar a **reunión mantida no mes de novembro entre o director da AECID, Antón Leis, e o presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, Juan González**, para poñer en valor o papel da solidariedade internacional impulsada polos concellos dentro da folla de ruta marcada polo Goberno central. Neste senso, destacou que a nova Lei de Cooperación reconece as administracións locais como un actor clave e chama a incrementar os investimentos neste eido. Ademais, na xuntanza apostouse por reforzar a colaboración coa Confederación de Fondos de Cooperación y Solidaridad, da que González é vicepresidente, e coas distintas asociacións municipalistas que a integran.

En canto á ampliación da base social, o ano péchase cun total de **103 entidades sociais**, unha máis que o exercicio anterior. Se ben non é salientable o volume das novas adhesións, nin o seu incremento progresivo, si o é o feito de que non se produzan baixas voluntarias desde 2019.

No acto de inauguración participaron a ministra de Cohesión Territorial de Cabo Verde, Janine Lélis; o presidente do Fondo Galego e alcalde de Nigrán, Juan González; o presidente da ANMCV, Herménio Fernandes; a coordinadora da Oficina Técnica de Cooperación da AECID no arquipélago, Patricia Ramos; o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, e Helena Rebelo, en nome do comité organizador.

Os concellos galegos foron os protagonistas no segundo día do III Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, cos relatorios da concelleira de Benestar Social de Cambre, Lúa Sanguineo; da edil de Igualdade de Cabanas, Paula González, e da concelleira de Turismo e Novas Tecnoloxías de Pontedeume, Yolanda Vázquez.

Así mesmo, conmemoráronse dúas décadas de colaboración entre o Fondo Galego e os municipios caboverdianos, nas que alén de establecer sólidas relacións institucionais se impulsaron un total de 33 proxectos en materia de xénero, educación, auga e saneamento, vivenda ou infraestruturas comunitarias. Ademais, asinouise un novo memorando de entendemento no que se acordou promover espazos de encontro e revitalizar a colaboración entre ambas as partes.



Colaboracións e alianzas

O día a día do Fondo Galego ten moi presente o ODS 17: Alianzas para acadar os Obxectivos. A asociación municipalista aposta por potenciar o traballo conxunto, en sintonía e coordinación con outros axentes implicados na cooperación ao desenvolvemento, co obxectivo de atopar sinerxías e traballar con maior eficacia para lograr obxectivos comúns. É por isto que, entre outras cousas, participa activamente na **Confederación de Fondos de Cooperación y Solidaridad**, onde ocupa actualmente a Vicepresidencia, xunto con outros oito Fondos existentes a nivel estatal.

Entre as iniciativas nas que a Confederación está a participar atópase o proxecto #AcessoCidades, impulsado canda o Frente Nacional de Prefeitos (Brasil). Neste marco, o presidente do Fondo Galego, Juan González, foi convidado a participar no mes de marzo na **Smart City Expo Curitiba** para intercambiar boas prácticas municipais arredor da mobilidade sostible.

Por outra parte, o Fondo Galego continuou asistindo á reunión anual do **Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento**, órgano de consulta e participación en materia de cooperación ao desenvolvemento a nivel autonómico, no que contamos con dúas persoas representantes. O 20 de xaneiro aprobouse o plan anual, no que a Xunta de Galicia segue a apoiar as nosas actividades arredor da localización dos ODS.





Do mesmo xeito, o Fondo Galego participou o 4 de outubro nunha nova edición do curso '**A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas administracións públicas**', organizado pola Escola Galega de Administración Pública. O Fondo Galego non só achegou os seus coñecementos sobre a localización da Axenda 2030, senón que tamén contou cos exemplos prácticos dos concellos de Barreiros e Fene. A mesma sesión replicárase o día 26 ante un alumnado moi participativo do Mestrado en Goberno Local e Políticas Innovadoras da Universidade de Santiago de Compostela.

Ademais, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade compartiu a súa experiencia noutros moitos espazos, entre os que destacamos:

- Encontro convocado pola Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, o 15 de marzo, para analizar a **grave crise humanitaria derivada do conflito en Ucraína** e as posibles vías de colaboración desde o territorio, no que se expuxeron as recomendacións que foron difundidas ás administracións locais.
- **Curso internacional** 'LocalizaODS: Fortalecendo as capacidades para a territorialización da Axenda2030' organizado por CECADE en marzo e abril, onde o Concello de Cabanas expuxo boas prácticas arredor do ODS 5 e o Concello de Tomiño compartiu a súa experiencia na planificación municipal da Axenda 2030. O mesmo faría no 'Programa de formación online para a localización dos ODS e a Axenda 2030 a nivel local en Mozambique', convidado por FAMSI e ICSEM.

- **2º Congreso de Acción Humanitaria e Cooperación para o Desenvolvemento**, celebrado online do 6 ao 9 de xuño co impulso do IGADI e o CEPSE. O Fondo Galego ofreceu unha das corenta intervencións chegadas de Brasil, Portugal, Cabo Verde, Angola e Galicia, concretamente sobre boas prácticas arredor da Axenda 2030 na Lusofonía.
- **III Conferencia anual do Observatorio de Cooperación Descentralizada** da Diputación de Barcelona, celebrada do 29 de xuño ao 1 de xullo, que reuniu a un cento de representantes do sector para debater sobre a cooperación internacional impulsada polos gobernos locais nun contexto de recuperación e transicións múltiples, entre elas a ecolóxica e a dixital.
- **Premio Solidario 'Cidade de Ferrol'** 2022, onde a edil do Concello de Cabanas Paula González volveu representar ao Fondo Galego no xurado. O galardón, entregado o 15 de setembro, foi para a Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra e para a iniciativa 'Máis que arqueoloxía' impulsada polo profesor Juan Luis Montero en Palestina.






INFORME ECONÓMICO

As contas claras


- Encontro Internacional de Mulleres Electas 'Les Elegides' organizado polo Fons Mallorquí de Solidaritat i Cooperació do 10 ao 12 de novembro en Palma.** Dúas edís do Concello de Nigrán representaron ao Fondo Galego neste espazo de intercambio entre políticas de municipios latinoamericanos, europeos, africanos e de Oriente Próximo, para debater sobre problemáticas comúns e procurar solucións compartidas.

A contabilidade de 2022 reflicte novamente o aumento progresivo dos ingresos da asociación, cun incremento dun 31,29% a respecto do ano anterior. Alén dos ingresos que se acadan a través das cotas sociais -importe que medrou tras aprobarse o novo sistema de cálculo das cotas-, destacan as subvencións recibidas por parte de diferentes institucións. Ademais da axuda habitual da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia para a realización de actividades de sensibilización, do Concello da Coruña para o concurso de murais, e do programa DEAR para o proxecto People & Planet, nesta anualidade sumamos tres novas achegas municipais:

- Concello de Cambre:** para o financiamento do proxecto da man da Fundação Encontro (Mozambique).
- Concello de Narón:** para o desenvolvemento das actividades e programas da área de cooperación internacional ao desenvolvemento.
- Mancomunidade do Val Miñor:** para o apoio a proxectos e axuda de emerxencia nos campamentos de persoas refuxiadas saharauís.



● Cotas entidades socias:	197.482,77 €
● Subvención Concello de Cambre:	15.000,00 €
● Subvención Concello da Coruña:	20.022,79 €
● Subvención Concello de Narón:	11.000,00 €
● Subvención Mancomunidade do Val Miñor:	25.000,00 €
● Subvención Xunta de Galicia:	60.000,00 €
● Subvención Comisión Europea:	127.833,94 €
● Prestación de servizos:	785,12 €



- O 31,46% destinado a proxectos e actividades de cooperación internacional ao desenvolvemento
- O 55,18% destinado a actividades de sensibilización, educación para a cidadanía global, formación e comunicación
- O 7,85% destinado a gastos de funcionamento
- O 2,77% destinado a actividades de fortalecemento da asociación e relacións institucionais

SUPERÁVIT 2022
15.146,24 €





**fondo
galego**

de cooperación e solidariedade

www.fondogalego.gal



comunicacion@fondogalego.gal

Tel. 986 843 436 ~ 698 144 536

Centro Cívico Sur ~ R. Luís Braille 40, 36003 Pontevedra